

Granada: Canle 58.
Huelva: Canle 58.
Jaén: Canle 62.
Málaga: Canle 63.
Sevilla: Canle 61.

Comunidade Autónoma de Aragón:

Huesca: Canle 57.
Teruel: Canle 62.
Zaragoza: Canle 63.
Principado de Asturias:
Asturias: Canle 60.

Comunidade Autónoma das Illes Balears:

Balears (Illes): Canle 65.

Comunidade de Castilla y León:

Ávila: Canle 64.
Burgos: Canle 65.
León: Canle 65.
Palencia: Canle 62.
Salamanca: Canle 65.
Segovia: Canle 60.
Soria: Canle 58.
Valladolid: Canle 58.
Zamora: Canle 59.

Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha:

Albacete: Canle 63.
Ciudad Real: Canle 65.
Cuenca: Canle 64.
Guadalajara: Canle 65.
Toledo: Canle 60.

Comunidade Autónoma de Cantabria:

Cantabria: Canle 59.
Comunidade Autónoma de Cataluña:
Barcelona: Canle 61.
Girona: Canle 60.
Lleida: Canle 58.
Tarragona: Canle 59.

Comunidade Autónoma de Canarias:

Palmas (Las): Canle 65.
Santa Cruz de Tenerife: Canle 59.

Comunidade Autónoma de Extremadura:

Badajoz: Canle 62.
Cáceres: Canle 61.

Comunidade Autónoma de Galicia:

Coruña (A): Canle 61.
Lugo: Canle 59.
Ourense: Canle 62.
Pontevedra: Canle 58.

Comunidade Autónoma de La Rioja:

Rioja (La): Canle 60.

Comunidad de Madrid:

Madrid: Canle 63.

Comunidade Autónoma de La Región de Murcia:

Murcia: Canle 60.

Comunidad Foral de Navarra:

Navarra: Canle 62.

Comunidade Autónoma do País Vasco:

Araba: Canle 58.
Gipuzkoa: Canle 60.
Bizkaia: Canle 61.

Comunidad Valenciana:

Alicante/Alacant: Canle 62.
Castellón/Castelló: Canle 60.
Valencia/València: Canle 57.

Cidades:

Ceuta: Canle 62.
Melilla: Canle 61.

APÉNDICE

Definicións

1. Canle radioelétrica: porción do espectro radioelétrico que se utiliza para a difusión desde unha estación radioelétrica dun sinal de televisión. Adóitase chamar tamén frecuencia radioelétrica.

2. Rede de frecuencia única: conxunto de estacións radioelétricas que permite cubrir unha certa zona do territorio, chamada zona de servizo, utilizando a mesma frecuencia ou canle radioelétrica en todas as estacións.

3. Rede multifrecuencia: conxunto de estacións radioelétricas que permite cubrir unha certa zona do territorio, chamada zona de servizo, utilizando unha frecuencia ou canle radioelétrica distinta en cada estación.

4. Múltiple dixital: sinal composto para transmitir unha canle ou frecuencia radioelétrica e que, ao utilizar a tecnoloxía dixital, permite a incorporación dos sinais correspondentes a varias canles de televisión e dos sinais correspondentes a varios servizos asociados e a servizos de comunicacións electrónicas.

5. Canle dixital de televisión: parte da capacidade dun múltiple dixital que se utiliza para a incorporación nel dun programa de televisión.

6. Canle analóxica de televisión: capacidade de transmisión que se utiliza para a difusión dun programa de televisión con tecnoloxía analóxica.

7. Programa de televisión: organización secuencial no tempo de contidos audiovisuais, posta ao dispor do público de forma independente, baixo a responsabilidade dunha mesma persoa e dotada de identidade e imaxe propias.

8. Área técnica: zona do territorio cuberta desde o punto de vista radioelétrico polo centro principal de difusión, os centros secundarios que tomen sinal primario dese centro e os centros de menor entidade que non tomen sinal primario do centro principal pero teñan cobertura superposta con el ou con algún dos seus centros secundarios.

13114 *REAL DECRETO 945/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de prestación do servizo de televisión dixital terrestre.* («BOE» 181, do 30-7-2005.)

O réxime xurídico para a prestación do servizo de televisión terreal con tecnoloxía dixital, ao constituír unha modalidade de prestación do servizo e non dun novo sistema de televisión, é o establecido, con carácter xeral, nas leis reguladoras do servizo de difusión de televisión, isto é, a Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, do estatuto da Radio e a Televisión, e a Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora do terceira canle de televisión, no relativo á xestión directa do servizo de televisión; no que afecta a xestión indirecta do servizo de televisión por entidades privadas, a Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, e, no referido aos contidos, a Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros, relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva, e as súas sucesivas modificacións. Finalmente, tamén será de aplicación o disposto na

Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, e as súas sucesivas modificacións.

Con carácter previo ao comezo da prestación do servizo de televisión dixital terrestre, a disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, establece no seu número 3 que será requisito indispensable a aprobación polo Ministerio de Fomento (na actualidade, esta competencia está atribuída ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio) dos correspondentes regulamentos técnicos e de prestación dos servizos.

En desenvolvemento desta previsión legal, aprobouse a Orde do 9 de outubro de 1998, pola que se aproba o Regulamento técnico e de prestación do servizo de televisión dixital terreal, publicada no «Boletín Oficial del Estado» o 16 de outubro de 1998.

Non obstante, o Tribunal Supremo, en sentenza do 30 de decembro de 2004, anulou a citada orde por considerar que excede a habilitación normativa contida na disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, ao regulárense nela materias que nada teñen que ver coas propias dun regulamento técnico e de prestación de servizos de televisión dixital terrestre, ao conter a definición do réxime xurídico da televisión dixital terrestre e regular aspectos tan esenciais como as formas de xestión directa e indirecta do servizo ou as condicións e requisitos para o outorgamento da concesión, materias propias dun regulamento xeral de desenvolvemento e execución de lei que soamente se pode efectuar mediante real decreto do Consello de Ministros, logo de ditame do Consello de Estado.

En consecuencia, e para dar efectivo cumprimento á sentenza do Tribunal Supremo, por este real decreto apróbase o Regulamento xeral de prestación do servizo de televisión dixital terrestre, e faise con fundamento no artigo 97 da Constitución española, no cal se lle atribúe ao Goberno a potestade regulamentaria, que, ademais, ten cobertura específica no artigo 5.1.h) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, segundo o teor da cal lle corresponde ao Consello de Ministros aprobar os regulamentos para o desenvolvemento e execución das leis, logo de ditame do Consello de Estado.

Neste real decreto establécese de forma unitaria e sistemática o réxime xurídico de prestación do servizo de televisión dixital terrestre que é, fundamentalmente, o establecido na orde anulada. Así mesmo, indícanse aqueles aspectos que por se referiren a cuestións técnicas deberán ser obxecto de desenvolvemento no correspondente regulamento técnico de prestación do servizo que, de conformidade co establecido na disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, deberá ser aprobado mediante orde ministerial, con exclusión daqueles aspectos referidos á asignación de programas dentro das canles ou bandas de frecuencias necesarias para a prestación do servizo, que serán os fixados no Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, aprobado mediante o Real decreto 944/2005, do 29 de xullo.

Este regulamento dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.27.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia para establecer as normas básicas do réxime de prensa, radio e televisión e, en xeral, de todos os medios de comunicación social, sen prexuízo das facultades que no seu desenvolvemento e execución lles correspondan ás comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xullo de 2005,

DISPÓÑO :

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento xeral de prestación do servizo de televisión dixital terrestre, que se insire a seguir.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario e aplicación.*

O ministro de Industria, Turismo e Comercio ditará, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións e medidas sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.27.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia para establecer as normas básicas do réxime de prensa, radio e televisión e, en xeral, de todos os medios de comunicación social, sen prexuízo das facultades que no seu desenvolvemento e execución lles correspondan ás comunidades autónomas.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado.»

Dado en Palma de Mallorca o 29 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,

JOSÉ MONTILLA AGUILERA

REGULAMENTO XERAL DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste regulamento o establecemento das condicións básicas de prestación do servizo de televisión dixital terrestre, en aplicación do determinado na disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e nas demais leis reguladoras desta materia.

Artigo 2. *Formas de xestión do servizo de televisión dixital terrestre.*

A explotación do servizo de televisión dixital terrestre poderase levar a cabo mediante xestión directa ou mediante xestión indirecta en réxime de concesión administrativa.

Artigo 3. *Outorgamento dos títulos habilitantes.*

1. A explotación do servizo de televisión dixital terrestre requirirá o correspondente título habilitante.

2. O outorgamento das concesións para a xestión indirecta do servizo público de televisión dixital terrestre por entidades privadas será realizado polo Estado se o seu ámbito é estatal, e polas comunidades autónomas se é autonómico ou local.

3. Os concursos para a adxudicación das concesións para a explotación do servizo de televisión dixital terrestre serán convocados polo Consello de Ministros ou polo órgano competente de cada comunidade autónoma, conforme o establecido na disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro.

Artigo 4. *Réxime xurídico básico.*

1. A xestión directa do servizo axustarase ao establecido na Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, do Estatuto da Radio e a Televisión, e na Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora do terceira canle de televisión, e ao que, se é o caso, estableza a normativa que a substitúa. Así mesmo, será de aplicación o disposto na Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, e as súas sucesivas modificacións. No relativo a contidos, será de aplicación a Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros, relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva, e as súas sucesivas modificacións.

2. A xestión indirecta do servizo por entidades privadas axustarase ao disposto na Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, no non modificado pola disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, e, en particular, ao establecido no seu capítulo II, sobre o réxime xurídico da concesión; no seu capítulo III, sobre as sociedades concesionarias, e no seu capítulo IV, sobre o réxime de infraccións e sancións. Así mesmo, será de aplicación o disposto na Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, e as súas sucesivas modificacións, e no relativo a contidos, a Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros, relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva, e as súas sucesivas modificacións.

Artigo 5. *Contido mínimo do Regulamento técnico e de prestación do servizo de televisión dixital terrestre.*

1. Por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio aprobarase, en cumprimento do disposto na disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, e no artigo 25 da Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións, o regulamento técnico e de prestación do servizo de televisión dixital terrestre.

2. Neste regulamento regularanse, tanto para a xestión directa como para a xestión indirecta, ao menos, os seguintes aspectos: o réxime de prestación do servizo, no cal se incluírán as normas técnicas de transmisión das estacións de televisión dixital terrestre, así como a normativa de telecomunicacións aplicable en materia de utilización do dominio público radioeléctrico e as obrigacións mínimas sobre contidos, que, se é o caso, fixe a Administración competente.

3. Canto á xestión indirecta do servizo, o Regulamento técnico e de prestación do servizo establecerá que os pregos de bases administrativas e condicións técnicas de explotación do servizo regulen, como mínimo, os seguintes aspectos: os dereitos e obrigas dos titulares de concesións, a delimitación do servizo obxecto da concesión con indicación expresa das frecuencias ou bandas de frecuencias asignadas para a prestación do servizo e as facultades reservadas ás administracións públicas competentes en materia de outorgamento do título habilitante, modificación, inspección, supervisión e réxime sancionador.

Disposición adicional única. *Réxime xurídico básico da xestión indirecta de televisión privada local nas cidades de Ceuta e Melilla.*

1. Con carácter previo á aprobación do prego de bases administrativas e condicións técnicas de explotación do servizo a que se refire o artigo 5 deste regula-

mento xeral e á convocatoria do correspondente concurso, as cidades de Ceuta e Melilla, en desenvolvemento das competencias que lles atribúen as leis orgánicas 1/1995 e 2/1995, do 13 de marzo, dos respectivos estatutos de autonomía, ditarán as normas regulamentarias necesarias para a organización do servizo, que se suxeitarán ao disposto na normativa básica do Estado, neste regulamento e nas súas normas de desenvolvemento.

2. En particular, a regulamentación básica do servizo establecerá:

a) O procedemento para a solicitude da concesión, a convocatoria do correspondente concurso e o órgano competente para resolvelo.

b) A adxudicación provisoria, a exigencia de aprobación pola Administración xeral do Estado competente en materia de telecomunicacións do correspondente proxecto técnico e a posterior concesión definitiva.

c) O prazo de duración da concesión, concordado co do dereito de ocupación do dominio público radioeléctrico.

d) Os dereitos e obrigas do concesionario.

3. En relación co exercicio da potestade sancionadora que lles atribúen a ambas as cidades as leis orgánicas anteriormente citadas, estas cidades poderán aplicar as infraccións tipificadas na lexislación estatal que regula o réxime xurídico da televisión que sexan aplicables.

13115 *REAL DECRETO 946/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba a incorporación dunha nova canle analóxica de televisión no Plan técnico nacional da televisión privada, aprobado polo Real decreto 1362/1988, do 11 de novembro. («BOE» 181, do 30-7-2005.)*

A Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, regula a xestión indirecta do servizo de televisión, que é considerado un servizo público esencial, cuxa titularidade lle corresponde ao Estado.

O seu artigo 5 establece a necesidade de aprobar un plan técnico nacional da televisión privada cuxo obxectivo é regular, entre outras, as condicións de carácter técnico que sexan necesarias para garantir a adecuada prestación do servizo de televisión.

O Plan técnico nacional da televisión privada foi aprobado, mediante o Real decreto 1362/1988, do 11 de novembro, no cal se establecían as condicións técnicas que debían cumprir as tres entidades concesionarias que, como máximo, prevía o artigo 4.3 da referida lei na súa redacción orixinal.

A Lei 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo, modificou a Lei 10/1988, do 3 de maio, suprimindo de maneira expresa o indicado límite de tres concesións administrativas para a prestación de servizos de televisión terrestre cunha cobertura nacional.

Os estudos e as actuacións de planificación radioeléctrica levados a cabo polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio posibilitaron a planificación dunha nova canle analóxica de televisión cunha cobertura suficiente no territorio nacional. Por tanto, e de conformidade co previsto no artigo 5 da Lei 10/1988, do 3 de maio, procede a incorporación ao Plan técnico nacional da televisión privada da nova canle analóxica de televisión de cobertura estatal.

Mediante este real decreto determínanse, ademais, as condicións de carácter técnico que son necesarias para a adecuada prestación do servizo de televisión na nova canle, en particular, o sistema de difusión de sinais pre-